

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cincuenta minutos do día vinte e cinco de xaneiro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN DE PROFESOR/A DE MÚSICA DO CONSERVATORIO DO CONCELLO DE CULLEREDO NA ESPECIALIDADE DE SAXO.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data 17 de xaneiro de 2022 (código de documento UPO16I000U), relativa á aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a elaboración dunha lista de substitución de profesor/a de música do Conservatorio do Concello de Culleredo na especialidade de saxo, que transcrita di:

“Pola Concelleira de Seguridade cidadá e Persoal con data 28.05.2021 ordenouse iniciar expediente para a elaboración dunha lista de substitución de profesor/a de música do Conservatorio do Concello de Culleredo, nas seguintes especialidades: acordeón/piano, canto, clarinete, composición, frauta, guitarra, percusión, piano, trompeta, violín, saxo e violonchelo (código documento núm. UPO15I00QR). Debido a un erro de transcripción non incluíuse a especialidade de saxo na convocatoria e bases da convocatoria de probas selectivas para a formación dunha lista de substitución de profesor/a de música (código documento núm. UPO15I01YY).

Polo servizo de persoal e organización elaborouse proposta de convocatoria e bases de convocatoria para a elaboración dunha lista de substitución de profesor/a de música do Conservatorio do Concello de Culleredo na especialidade de saxo (código documento núm. UPO16I000V).

Por resolución do alcalde-presidente do día 18 de xuño de 2019 acordouse a delegación na Xunta de Goberno Local da atribución para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal.

De acordo co exposto,

Proponse a Xunta de Goberno Local:

Aprobar a convocatoria e as bases da convocatoria para a elaboración duha lista de substitución de profesor/a de música do Conservatorio do Concello de Culleredo, na especialidade de saxo de acordo co detalle especificado no documento UPO16I000V deste expediente."

"Convocatoria e bases da convocatoria de probas selectivas para a formación dunha lista de substitución de profesor/a de música do conservatorio profesional do Concello de Culleredo na especialidade de saxo (persoal laboral temporal).

Obxecto da convocatoria.

1. É obxecto da presente convocatoria a regulación da realización dun concurso-oposición para formar unha lista de substitución de profesor/a de música do conservatorio do Concello de Culleredo, persoal laboral temporal, na especialidade de saxo. A lista así formada estará en vigor ata o 31 de decembro de 2023, aínda que a súa vixencia poderá prorrogarse por un prazo máximo dun ano para formar unha nova lista ou concluír antes en caso de realización de probas selectivas.

2. O Convenio colectivo do Concello de Culleredo (BOP 04.07.2013) establece no seu artigo 31.3, que a selección de persoal laboral temporal para a cobertura temporal de postos de traballo da relación de posto de traballo, realízase mediante listas de substitución.

3. As funcións encomendadas o/a profesor/a de música, segundo a definición do posto de traballo nas fichas de descrición dos mesmos do Concello de Culleredo, son as seguintes:

Atendendo ás directrices que se lle marquen, de acordo coa organización do traballo a realizar polo servizo ao que está adscrito, asumirá as competencias e responsabilidades derivadas das funcións que con carácter enunciativo e non limitativo se describen:

- Programar e ensinar as materias encomendadas. Avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Exercer a tutoría dos alumnos. Orientar a aprendizaxe.
- Informar do proceso de aprendizaxe ás familias.
- Promover organizar e participar nas actividades complementarias, dentro ou fora do recinto educativo, programadas polo centro.
- Participar na actividade xeral do centro. Coordinar as actividades docentes.
- Exercer a dirección, xefatura de estudos ou secretaría do Conservatorio, cando lle sexa encomendada

Bases específicas da convocatoria.

Primeira. - Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos ás probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou estar incluído entre os estranxeiros aos que se refire o artigo 57 TREBEP.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.
- c) Cumprir os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do título de grao o diplomatura universitaria nalgúnha das seguintes:

- Título superior de música establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación ou equivalente, na especialidade correspondente.

- Título de profesor superior de música que regula o Decreto 2618/1966 do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento dos conservatorios de música, na especialidade correspondente.

- Título de profesor de música que regula o Decreto 2618/1966 do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento dos conservatorios de música, na especialidade correspondente.

- Título de profesor ou título profesional de música do plan de estudos que regula o Decreto do 15 de xuño de 1942, na especialidade correspondente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e achegarse ao título a súa tradución xurada.

f) Non estar inscrito no rexistro central de delincuentes sexuais.

Os requisitos deberán reunirse o último día do prazo de presentación de instancias e manterse no momento de tomar posesión da praza.

Segunda.- Solicitudes.

1. Nas instancias solicitando tomar parte nesta convocatoria, que se presentarán conforme ao modelo que figura no anexo I das presentes bases, os aspirantes deberán manifestar que reúnen, á data de expiración do prazo de presentación de instancias, todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria. A presentación da instancia supón a aceptación íntegra das presentes bases polos/as aspirantes.

2. As instancias dirixiranse ao señor Alcalde do Concello de Culleredo e presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC).

3. O prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do seguinte día ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

4. Á instancia acompañarase:

1. Documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.

2. Título ou acreditación do requisito de titulación.

3. Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que conste o concurso.

4. Documentación acreditativa dos méritos que se posúan. Non se terán en conta na valoración de méritos os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. No caso de certificados a emitir polo propio Concello de Culleredo, bastará con unir xustificante da súa solicitude.

5. Copia do Celga 4 ou equivalente, aos efectos de exención da realización da proba de galego.

6. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar na súa instancia, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

7. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro Xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O horario do Rexistro Xeral do Concello de Culleredo é de 09.00 a 14.00 horas de luns a venres.

Na instancia presentada, o/a solicitante declarará baixo a súa responsabilidade que as copias da documentación que achega á mesma, son fiel reflexo dos orixinais que obran no seu poder.

Os aspirantes estranxeiros deberán achegar, no seu caso, a documentación acreditativa de que concorren as circunstancias, previstas no artigo 57 TREBEP, que lles permiten participar nas probas. A documentación en idioma distinto do español ou galego deberá presentarse acompañada da súa tradución xurada.

No caso de que as solicitudes se presenten en algún dos lugares previstos no artigo 16.4 da citada Lei 39/2015, o/a aspirante deberá remitir ao Concello de Culleredo por correo electrónico (persoal@culleredo.es) copia selada da instancia presentada.

8. Os aspirantes con discapacidade igual ou superior ao 33% que precisen de adaptacións de tempo ou medios de realización dos exercicios co fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de participantes, deberán facelo constar na solicitude, achegando certificación acreditativa de tal condición.

Terceira. - Admisión de aspirantes.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará decreto aprobando a lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos, que se fará pública na páxina web municipal, no que se expresará o prazo de corrección de erros que se conceda aos aspirantes excluídos e o prazo de presentación de reclamacións, así como, no seu caso, o prazo para recusar aos membros do tribunal.

Concluído devandito prazo, a Alcaldía ditará decreto no que se aprobará a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, resolveranse as reclamacións presentadas, fixarase o lugar, data e hora do comezo dos exercicios e determinarase, se non se fixo no decreto citado no parágrafo anterior, a composición do tribunal. Este decreto farase público na páxina web municipal e a publicación servirá para iniciar o cómputo dos prazos a efectos de impugnacións ou recursos.

Cuarta. - Tribunal cualificador.

1. De acordo co disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderá, asimesmo, á paridade entre muller e home.

2. O tribunal estará constituído polos seguintes membros:

Presidente/a: Un/a empregado/a público/a, pertencente ao subgrupo I-a ou I-b segundo o disposto no artigo 32 do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Culleredo.

Vogais:

- Tres empregados/as públicos pertencentes ao subgrupo I-a ou I-b.
- O secretario/a da Corporación, que actuará como secretario/a do tribunal.

Para cada un dos membros nomearase un suplente, que actuará nos casos de imposibilidade de asistencia do titular, excepto no caso do secretario/a.

2. A pertenza ao tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por conta de ningún.

3. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, incluíndo en todo caso ao presidente e ao secretario. En caso de ausencia do presidente e do seu suplente, o posto será desempeñado polos vogais, titulares ou suplentes, pola orde de prelación que se estableza no nomeamento. Todos os membros do tribunal actuarán con voz e con voto.

4. O tribunal poderá requirir en calquera momento aos candidatos para que acrediten a súa personalidade. Igualmente o tribunal, cuxa actuación se rexerá polo disposto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), queda autorizado para resolver as incidencias que se produzan no desenvolvemento das probas. No caso de que chegue ao seu coñecemento que algún aspirante carece dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á Alcaldía, que resolverá, previa

audiencia ao interesado. Contra os actos e decisións do tribunal que imposibiliten a continuación do procedemento para o interesado ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 121.1 LPAC, sen prexuízo da interposición de calquera outros recursos que se estimen oportunos.

5. Para os efectos establecidos no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, o tribunal clasifícase na categoría segunda, para o caso de que a súa actuación tivese lugar fóra da xornada laboral ordinaria.

6. Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorra algunha das circunstancias previstas, respectivamente, nos artigos 23 e 24 LRJSP.

Quinta. - Procedemento de selección.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

1. Fase de oposición.

Primer exercicio. Os aspirantes deberán expoñer e defender ante o Tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos, un proxecto didáctico que incluíra os seguintes aspectos: a) Proposta didáctica específica dirixida a un grupo de alumnos e alumnas ou a unha clase, no marco da programación didáctica do equipo docente. b) Adaptación da planificación ao contexto da aula. c) Actividades a desenvolver ao longo do curso.

Unha vez rematada a exposición, o Tribunal poderá facer as preguntas que considere oportunas ao aspirante sobre o proxecto defendido durante un tempo máximo de 10 minutos.

O proxecto será avaliado polo Tribunal e cualificado entre 0 e 10 puntos, sendo necesario obter ao menos unha cualificación de 5 puntos para pasar á o segundo exercicio da fase de oposición, ou no seu caso, á fase de concurso en caso de acreditar estar en posesión do título do CELGA 4 ou equivalente.

Segundo exercicio. Proba de coñecemento do galego. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización estar en posesión do título do CELGA 4 ou equivalente. Este exercicio será cualificado de "apto" ou "non apto", sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

2. Fase de concurso.

A) Expediente académico (máximo 2 puntos)

Valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico do título esixido con carácter xeral para a contratación.

Entre 6 e 7,50: 1 punto.

Entre 7,51 e 10: 2 puntos.

Para a obtención da nota media do expediente académico nos casos en que non figure a expresión numérica concreta, se aplicarán as seguintes equivalencias:

Aprobado: 5

Apto: 5

Ben: 6

Notable: 7

Sobresáinte: 9

Matrícula de honor: 10

C.I.F. P-1503100-H

Aquelas cualificacións que conteñan a expresión literal "convalidadas", consideraranse equivalentes a 5, salvo que se aporte certificación na que se acredite a cualificación que deu orixe á validación, considerándose neste caso a cualificación orixinaria.

En ningún caso se tomarán en consideración para obter a nota media do expediente académico as cualificacións correspondentes a materias complementarias, proxectos de fin de carreira, teses ou análogos.

O expediente acreditarase mediante certificación académica persoal orixinal ou fotocopia compulsada na que consten as puntuacións obtidas en todas as materias e cursos esixidos para a obtención do título alegado.

En caso de que ditas titulacións se teñan obtido no estranxeiro deberá terse concedida a correspondente homologación de conformidade co disposto nos Reais Decretos 86/1987, de 16 de marzo, e 104/1988 de 29 de xaneiro, o seu recoñecemento ao amparo do establecido pola Directiva 89/48/CEE, e o Real Decreto 1665/1991 de 25 de outubro. Neste caso, e con obxecto de calcular a nota media do expediente académico, deberá aportar certificación expedida pola Administración educativa do país no que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese ademais a cualificación máxima e mínima obtibles de acordo co sistema académico correspondente, a efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas. Ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán ou galego e coa apostilla da Haya.

B) Outras titulacións (máximo 1 punto)

- Por titulacións de grao superior en estudos musicais en outros instrumentos e/ou especialidades distintas á opción: 0.50 puntos por titulación.

- Por titulacións de grao medio en estudos musicais en outros instrumentos e/ou especialidades distintas á opción: 0.25 puntos por titulación.

Acreditarase mediante certificación académica ou fotocopia do título alegado, ou no seu caso, certificación do abono dos dereitos de expedición.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de expediente académico e titulacións é de 3 puntos.

C) Experiencia docente (máximo 5 puntos)

Aos efectos deste apartado non poderán acumularse as puntuacións cando os servizos se teñan prestado simultaneamente en máis dun centro docente.

Os servizos prestados en períodos inferiores ao ano, valoraranse de forma proporcional.

Os servizos prestados con xornada parcial, valoraranse de forma proporcional.

- Por cada ano de servizos en centros de titularidade pública, na mesma especialidade á que se opte: 0,50 puntos por ano.

- Por cada ano de servizos en outros centros, na especialidade á que se opte: 0,25 puntos por ano.

Os servizos prestados no estranxeiro se acreditarán mediante certificados expedidos polos Ministerios de Educación dos respectivos países, nos que deberán constar o tempo de prestación de servizos, o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán ou galego e coa apostilla da Haya.

Acreditarase mediante certificación de servizos prestados, ou mediante informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nómina, contrato, certificado empresa, etc).

Na documentación presentada deberá acreditarse a data de inicio e fin dos servizos prestados, e se se trata de xornada total ou xornada parcial (especificando neste caso o número de horas/semana)

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia docente é de 5 puntos.

No caso de producirse empate na puntuación final, a orde establecerase mediante a aplicación sucesiva dos seguintes criterios: maior experiencia docente, maior expediente académico. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría do Estado para a administración pública.

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. No seu caso, utilizaranse como criterios para dirimir os empates, por esta orde, a maior puntuación obtida no exercicio da fase de oposición, a maior puntuación no apartado experiencia do concurso, e a maior puntuación en cursos de lingua galega. No caso de persistir o empate na puntuación final, a orde establecerase por orde alfabética de apelidos e nome, dando comezo pola letra que resulte do sorteo anual polo que se determina a orde de actuación das/dos aspirantes en todas as probas selectivas que se celebren durante o ano no ámbito do Administración Xeral do Estado, e que se publica no Boletín Oficial do Estado.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo quen non compareza, salvo supostos de forza maior debidamente xustificadas, que serán apreciados libremente polo Tribunal.

Os anuncios de celebración dos exercicios faranse públicos no taboleiro de edictos da casa do concello e complementariamente na web municipal.

De cada unha das sesións que celebre o tribunal levantarase acta, na que se fará referencia aos membros asistentes, probas celebradas, puntuacións obtidas polos aspirantes e cantas incidencias considérense de interese.

As cualificacións faranse públicas mediante a súa exposición na páxina web municipal.

Sexta. - Formación da lista.

O tribunal elevará á Alcaldía a relación de aspirantes que superasen as probas, por orde de puntuación, engadindo a continuación aos aspirantes que superasen o exercicio, pola orde de puntuación obtido nese exercicio. Por decreto de Alcaldía aprobarase a lista de substitución de profesor/a do conservatorio profesional do Concello de Culleredo na especialidade de saxo, que se publicará na páxina web municipal.

Sétima. - Funcionamento da lista.

1. A constitución da lista non crea dereito algún a favor dos seus integrantes, salvo o do seu chamamento para a súa contratación, pola orde establecida. A lista será pública e estará ao dispor dos interesados/as para a súa consulta.

2. A duración das contratacións será polo tempo indispensable para cubrir a necesidade de que se trate.

3. O chamamento producirase por rigorosa orde de puntuación, de acordo co seguinte procedemento:

1. Chamada telefónica entre as 09.00 e as 14.00 horas.
2. Correo electrónico.
3. Chamada telefónica entre as 15.00 e as 18.00 horas.
4. Chamada telefónica entre as 09.00 e as 14.00 horas do seguinte día hábil.

3.1. A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos os datos correctos necesarios (número de teléfono e dirección de correo electrónico).

O aspirante deberá aceptar ou rexeitar a oferta de contratación antes do día hábil seguinte a partir da recepción da chamada ou correo electrónico, antes das 13.00 horas. Se non contesta, rexeita a oferta ou renuncia ao traballo despois de ser nomeado perderá a súa posición na lista, pasando ao último lugar. Se acepta a oferta, deberá

achegar, no prazo máximo de tres días hábiles desde a aceptación, a seguinte documentación para poder formalizarse a mesma :

- Documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
 - Título ou acreditación do requisito de titulación.
 - Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos que no seu caso se tiveran esixido nas bases específicas.
 - Documentación acreditativa dos méritos alegados no proceso selectivo.
 - Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas. Os nacionais doutros estados deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
 - Declaración baixo a súa responsabilidade de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente sobre a mesma.
 - Certificado médico oficial no que se acredite a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias da categoría.
 - Certificación negativa do rexistro central de delincuentes sexuais.
- Se no prazo concedido non se presenta a documentación indicada, salvo caso de forza maior, non poderá efectuarse o nomeamento, procedendo a chamar á seguinte persoa da lista.
- Cando se produza o cesamento, por finalizar a necesidade que deu orixe a contratación, o aspirante manterá o lugar que ocupaba na lista, podendo ser nomeado posteriormente nunha ou máis ocasións.
- O/a aspirante que tras a súa contratación finalice a súa prestación de servizos por extinción da circunstancia que dou orixe ao mesmo, conservará a súa orde na lista.
- En caso de que o/a aspirante fose contratado/a non poderá ser obxecto de novo chamamento en tanto esté prestando os seus servizos no concello.

4. As persoas que rexeiten a oferta de contratación non perderán a súa posición na lista cando o motivo do rexeitamento sexa algunho dos seguintes e o aspirante o acredite debidamente no prazo máximo de tres días hábiles desde o chamamento:

- a) Baixa por maternidade ou paternidade.
- b) Baixa por enfermidade ou accidente.
- c) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- d) Estar a traballar en calquera organismo público ou empresa privada.
- e) Cumprimento dun deber inescusable de carácter público e temporal.
- f) Coidado de fillo menor de tres anos ou de familiar ata o segundo grao que non poida valerse por si e non desempeñe actividade retribuída.

5. Os aspirantes serán excluídos da lista nos seguintes casos:

- a) Non achegar a documentación requirida para efectuar a contratación.
- b) Non comparecer ao posto de traballo dentro do prazo establecido.

A exclusión dun integrante da bolsa deberá ser notificada por escrito.

6. A contratación efectuarase por decreto da Alcaldía que será notificado ao interesado, que deberá tomar posesión no prazo que se indique no decreto.

Oitava. - Protección de datos de carácter persoal.

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase de que todos os datos persoais facilitados a través da instancia e demais documentación achegada, serán almacenados no ficheiro de Xestión de Persoal titularidade do Concello de Culleredo, coa única finalidade de ser utilizados para tramitar o presente procedemento de selección.

Os aspirantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, en relación cos seus datos persoais, nos termos establecidos pola Axencia Española de Protección de Datos, dirixíndose ao Concello de Culleredo.

Novena. - Recursos e lexislación aplicable.

As presentes bases e cuantos actos derívense das mesmas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

No presente procedemento rexerá a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; o TREBEP; o Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, as disposicións estatais e autonómicas aplicables aos entes locais, e as restantes normas que resulten de aplicación.

ANEXO I - SOLICITUDE DE ADMISIÓN PROCESO SELECTIVO PROFESOR/A DE MÚSICA

ESPECIALIDADE :

DATOS PERSOAIS

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
DNI	Sexo Varón / Muller	Data de nacemento

Lugar de nacemento	Nacionalidade
--------------------	---------------

ENDEREZO – TELÉFONO

Enderezo	
Código postal	Localidade
Teléfono	e-mail

EXENCIÓN EXAME GALEGO

Solicita exención do exame de galego: SI / NON
--

ASPIRANTE CON CAPACIDADE DIMINUIDA

Solicita adaptación de tempo e medios: SI / NON

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA COA INSTANCIA (sínalese cun X no recadro correspondente)

- ☐ Fotocopia do documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
- ☐ Título ou acreditación do requisito de titulación.
- ☐ Orixinal ou fotocopia compulsada do documento xustificativo da exención do exame de galego.
- ☐ Relación dos méritos que se posúen, por cada un dos apartados de que consta o concurso.
- ☐ Orixinal ou fotocopia compulsada de documentación acreditativa dos méritos que se posúen.
- ☐ De ser o caso, certificado da condición de discapacidade e grao de minusvalía.
- ☐ Certificación negativa do rexistro central de delinquentes sexuais.

A persoa abaixo asinante solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

O solicitante autoriza ao uso dos datos consignados nesta instancia aos efectos previstos nas bases da convocatoria das probas selectivas.

Culleredo, de de

SR. ALCALDE CONCELLO DE CULLEREDO “

Consta no expediente nota informativa de Secretaría Xeral de data 20 de xaneiro de 2022 na que se informa desfavorablemente as bases nos extremos citados (código documento USG16I00D0):

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

3/2022

En relación á proposta do xefe do gabinete técnico de data 17 de xaneiro de 2022 co conforme da Concelleira delegada da área de de seguridade e persoal (código de documento UPO16I000U) na que se propón a aprobación da convocatoria e das bases da convotaria para elaborución dunha lista de substitución de profesor/a de música do Conservatorio do Concello de Culleredo na especialidade de saxo de acordo co detalle especificado no documento

UPO16I000V, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

1.- Establécese nas bases que a lista estará en vigor ata o 31 de decembro de 2023, aínda que a súa vixencia poderá prorrogarse por un prazo máximo dun ano. A xuízo da que subscribe a vixencia contemplada nas bases non resulta axeitada aos principios constitucionais de acceso ao emprego público, resultando máis axeitado cos devanditos principios que as bases contemplen a actualización constante das listas de substitucións.

2.- Polo que respecta ao procedemento para efectuar os chamamentos (base sétima), se entende que a oferta dos postos debe realizarse, ademais de por vía telefónica e correo electrónico, a través dalgún outro medio que permita acreditar de xeito fehaciente a súa realización (como podería ser mediante a publicación da oferta no taboeiro electrónico do Concello), dándolles un prazo para manifestar o seu interese ou renuncia por escrito no prazo que se indique, de xeito que quede tamén constancia fehaciente das renuncias.

3.- Na base 2.3 se indica que o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais contados a partir do seguinte día ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. As bases da convocatoria tamén deben publicarse no Boletín oficial da Provincia para dar cumprimento ao principio de publicidade.

4.- Aínda que as bases non din nada sobre o particular, lembrese que de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, a fase de concurso debe ser previa á fase de oposición.

C.I.F. P-1503100-H

5.- Na base 4 sinálase, entre outras cousas, que a composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, omitindo o principio de especificidade, que resulta preceptivo(*artigo 4 e) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local*) xa que na súa composición debe ser maioritaria a presenza de membros con cualificación técnica en cada especialidade necesaria para avaliar aos/as aspirantes, pois para poder efectuar tal avaliación é preciso que nos avaliadores se acredite, polo menos, maioría con cualificación técnica necesaria para esa avaliación.

6.- A xuízo da que subscribe debería precisarse máis o primeiro exercizo da fase de oposición prevendo a entrega do proxecto didáctico ao tribunal.

Conclusión:

En atención ao exposto infórmanse desfavorablemente as bases nos extremos citados.

É o que expoño nesta nota informativa que é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo con que contou esta secretaria para o exame do asunto derivada da escasez de persoal, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación."

A continuación solicita o uso da palabra a sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que propón modificar as bases no seguinte sentido:

- Na base 4, no apartado 1, onde di:

"1. De acordo co disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, (.../...)"

Debe dicir:

“1. De acordo co disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade dos seus membros, (.../...)”

– Na base 5, apartado 1. Fase de oposición, onde dí:

“Primer exercicio. Os aspirantes deberán expoñer e defender ante o Tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos, un proxecto didáctico que incluíra os seguintes aspectos: a) Proposta didáctica específica dirixida a un grupo de alumnos e alumnas ou a unha clase, no marco da programación didáctica do equipo docente. b) Adaptación da planificación ao contexto da aula. c) Actividades a desenvolver ao longo do curso. (.../...)”

Debe dicir:

“Primer exercicio. Os aspirantes deberán expoñer e defender ante o Tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos, un proxecto didáctico que incluíra os seguintes aspectos: a) Proposta didáctica específica dirixida a un grupo de alumnos e alumnas ou a unha clase, no marco da programación didáctica do equipo docente. b) Adaptación da planificación ao contexto da aula. c) Actividades a desenvolver ao longo do curso. O proxecto didáctico deberá entregarse ao tribunal antes do comezo da exposición e defensa (.../...)”

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal data 17 de xaneiro de 2021 (código de documento UPO16I000U), coas modificacións propostas anteriormente pola sra. Figueroa Fuentes resultando aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta coas modificacións sinaladas, quedando polo tanto redactadas as bases do seguinte xeito:

“Convocatoria e bases da convocatoria de probas selectivas para a formación dunha lista de substitución de profesor/a de música do conservatorio profesional do Concello de Culleredo na especialidade de saxo (persoal laboral temporal).”

Obxecto da convocatoria.

1. É obxecto da presente convocatoria a regulación da realización dun concurso-oposición para formar unha lista de substitución de profesor/a de música do conservatorio do Concello de Culleredo, persoal laboral temporal, na especialidade de saxo. A lista así formada estará en vigor ata o 31 de decembro de 2023, aínda que a súa vixencia poderá prorrogarse por un prazo máximo dun ano para formar unha nova lista ou concluír antes en caso de realización de probas selectivas.

2. O Convenio colectivo do Concello de Culleredo (BOP 04.07.2013) establece no seu artigo 31.3, que a selección de persoal laboral temporal para a cobertura temporal de postos de traballo da relación de posto de traballo, realízase mediante listas de substitución.

3. As funcións encomendadas o/a profesor/a de música, segundo a definición do posto de traballo nas fichas de descrición dos mesmos do Concello de Culleredo, son as seguintes:

Atendendo ás directrices que se lle marquen, de acordo coa organización do traballo a realizar polo servizo ao que está adscrito, asumirá as competencias e responsabilidades derivadas das funcións que con carácter enunciativo e non limitativo se describen:

- Programar e ensinar as materias encomendadas. Avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Exercer a tutoría dos alumnos. Orientar a aprendizaxe.
- Informar do proceso de aprendizaxe ás familias.
- Promover organizar e participar nas actividades complementarias, dentro ou fora do recinto educativo, programadas polo centro.

- Participar na actividade xeral do centro. Coordinar as actividades docentes.
- Exercer a dirección, xefatura de estudos ou secretaría do Conservatorio, cando lle sexa encomendada

Bases específicas da convocatoria.

Primeira. - Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos ás probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou estar incluído entre os estranxeiros aos que se refire o artigo 57 TREBEP.
 - b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.
 - c) Cumprir os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
 - d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
 - e) Estar en posesión do título de grao o diplomatura universitaria nalgunha das seguintes:
 - Título superior de música establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación ou equivalente, na especialidade correspondente.
 - Título de profesor superior de música que regula o Decreto 2618/1966 do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento dos conservatorios de música, na especialidade correspondente.
 - Título de profesor de música que regula o Decreto 2618/1966 do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento dos conservatorios de música, na especialidade correspondente.
 - Título de profesor ou título profesional de música do plan de estudos que regula o Decreto do 15 de xuño de 1942, na especialidade correspondente.
- No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e achegarse ao título a súa tradución xurada.
- f) Non estar inscrito no rexistro central de delinquentes sexuais.

Os requisitos deberán reunirse o último día do prazo de presentación de instancias e manterse no momento de tomar posesión da praza.

Segunda.- Solicitudes.

1. Nas instancias solicitando tomar parte nesta convocatoria, que se presentarán conforme ao modelo que figura no anexo I das presentes bases, os aspirantes deberán manifestar que reúnen, á data de expiración do prazo de presentación de instancias, todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria. A presentación da instancia supón a aceptación íntegra das presentes bases polos/as aspirantes.
2. As instancias dirixiranse ao señor Alcalde do Concello de Culleredo e presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC).
3. O prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do seguinte día ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.
4. Á instancia acompañarase:

1. Documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
2. Título ou acreditación do requisito de titulación.
3. Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que conste o concurso.
4. Documentación acreditativa dos méritos que se posúan. Non se terán en conta na valoración de méritos os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. No caso de certificados a emitir polo propio Concello de Culleredo, bastará con unir xustificante da súa solicitude.
5. Copia do Celga 4 ou equivalente, aos efectos de exención da realización da proba de galego.
6. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar na súa instancia, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.
7. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro Xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O horario do Rexistro Xeral do Concello de Culleredo é de 09.00 a 14.00 horas de luns a venres.

Na instancia presentada, o/a solicitante declarará baixo a súa responsabilidade que as copias da documentación que achega á mesma, son fiel reflexo dos orixinais que obran no seu poder.

Os aspirantes estranxeiros deberán achegar, no seu caso, a documentación acreditativa de que concorren as circunstancias, previstas no artigo 57 TREBEP, que lles permiten participar nas probas. A documentación en idioma distinto do español ou galego deberá presentarse acompañada da súa tradución xurada.

No caso de que as solicitudes se presenten en algún dos lugares previstos no artigo 16.4 da citada Lei 39/2015, o/a aspirante deberá remitir ao Concello de Culleredo por correo electrónico (persoal@culleredo.es) copia selada da instancia presentada.

8. Os aspirantes con discapacidade igual ou superior ao 33% que precisen de adaptacións de tempo ou medios de realización dos exercicios co fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de participantes, deberán facelo constar na solicitude, achegando certificación acreditativa de tal condición.

Terceira. - Admisión de aspirantes.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará decreto aprobando a lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos, que se fará pública na páxina web municipal, no que se expresará o prazo de corrección de erros que se conceda aos aspirantes excluídos e o prazo de presentación de reclamacións, así como, no seu caso, o prazo para recusar aos membros do tribunal.

Concluído devandito prazo, a Alcaldía ditará decreto no que se aprobará a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, resolveranse as reclamacións presentadas, fixarase o lugar, data e hora do comezo dos exercicios e determinarase, se non se fixo no decreto citado no parágrafo anterior, a composición do tribunal. Este decreto farase público na páxina web municipal e a publicación servirá para iniciar o cómputo dos prazos a efectos de impugnacións ou recursos.

Cuarta. - Tribunal cualificador.

1. De acordo co disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade dos seus membros, e tenderá, asimesmo, á paridade entre muller e home.

2. O tribunal estará constituído polos seguintes membros:

Presidente/a: Un/a empregado/a público/a, pertencente ao subgrupo I-a ou I-b segundo o disposto no artigo 32 do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Culleredo.

Vogais:

- Tres empregados/as públicos pertencentes ao subgrupo I-a ou I-b.
- O secretario/a da Corporación, que actuará como secretario/a do tribunal.

Para cada un dos membros nomearase un suplente, que actuará nos casos de imposibilidade de asistencia do titular, excepto no caso do secretario/a.

2. A pertenza ao tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por conta de ningún.

3. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, incluíndo en todo caso ao presidente e ao secretario. En caso de ausencia do presidente e do seu suplente, o posto será desempeñado polos vogais, titulares ou suplentes, pola orde de prelación que se estableza no nomeamento. Todos os membros do tribunal actuarán con voz e con voto.

4. O tribunal poderá requirir en calquera momento aos candidatos para que acrediten a súa personalidade. Igualmente o tribunal, cuxa actuación se rexerá polo disposto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), queda autorizado para resolver as incidencias que se produzan no desenvolvemento das probas. No caso de que chegue ao seu coñecemento que algún aspirante carece dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á Alcaldía, que resolverá, previa audiencia ao interesado. Contra os actos e decisións do tribunal que imposibiliten a continuación do procedemento para o interesado ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 121.1 LPAC, sen prexuízo da interposición de calquera outros recursos que se estimen oportunos.

5. Para os efectos establecidos no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, o tribunal clasifícase na categoría segunda, para o caso de que a súa actuación tivese lugar fóra da xornada laboral ordinaria.

6. Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorra algunha das circunstancias previstas, respectivamente, nos artigos 23 e 24 LRJSP.

Quinta. - Procedemento de selección.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

1. Fase de oposición.

Primer exercicio. Os aspirantes deberán expoñer e defender ante o Tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos, un proxecto didáctico que incluíra os seguintes aspectos: a) Proposta didáctica específica dirixida a un grupo de alumnos e alumnas ou a unha clase, no marco da programación didáctica do equipo docente. b) Adaptación da planificación ao contexto da aula. c) Actividades a desenvolver ao longo do curso. O proxecto didáctico deberá entregarse ao tribunal antes do comezo da exposición e defensa.

Unha vez rematada a exposición, o Tribunal poderá facer as preguntas que considere oportunas ao aspirante sobre o proxecto defendido durante un tempo máximo de 10 minutos.

O proxecto será avaliado polo Tribunal e cualificado entre 0 e 10 puntos, sendo necesario obter ao menos unha cualificación de 5 puntos para pasar á o segundo exercicio da fase de oposición, ou no seu caso, á fase de concurso en caso de acreditar estar en posesión do título do CELGA 4 ou equivalente.

Segundo exercicio. Proba de coñecemento do galego. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización estar en posesión do título do CELGA 4 ou equivalente. Este exercicio será cualificado de "apto" ou "non apto", sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

2. Fase de concurso.

A) Expediente académico (máximo 2 puntos)

Valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico do título esixido con carácter xeral para a contratación.

Entre 6 e 7,50: 1 punto.

Entre 7,51 e 10: 2 puntos.

Para a obtención da nota media do expediente académico nos casos en que non figure a expresión numérica concreta, se aplicarán as seguintes equivalencias:

Aprobado: 5

Apto: 5

Ben: 6

Notable: 7

Sobresáinte: 9

Matrícula de honor: 10

Aquelas cualificacións que conteñan a expresión literal "convalidadas", consideraranse equivalentes a 5, salvo que se aporte certificación na que se acredite a cualificación que deu orixe á validación, considerándose neste caso a cualificación orixinaria.

En ningún caso se tomarán en consideración para obter a nota media do expediente académico as cualificacións correspondentes a materias complementarias, proxectos de fin de carreira, teses ou análogos.

O expediente acreditarase mediante certificación académica persoal orixinal ou fotocopia compulsada na que consten as puntuacións obtidas en todas as materias e cursos esixidos para a obtención do título alegado.

En caso de que ditas titulacións se teñan obtido no estranxeiro deberá terse concedida a correspondente homologación de conformidade co disposto nos Reais Decretos 86/1987, de 16 de marzo, e 104/1988 de 29 de xaneiro, o seu recoñecemento ao amparo do establecido pola Directiva 89/48/CEE, e o Real Decreto 1665/1991 de 25 de outubro. Neste caso, e con obxecto de calcular a nota media do expediente académico, deberá aportar certificación expedida pola Administración educativa do país no que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese ademais a cualificación máxima e mínima obtibles de acordo co sistema académico correspondente, a efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas. Ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán ou galego e coa apostilla da Haya.

B) Outras titulacións (máximo 1 punto)

- Por titulacións de grao superior en estudos musicais en outros instrumentos e/ou especialidades distintas á opción: 0.50 puntos por titulación.

- Por titulacións de grao medio en estudos musicais en outros instrumentos e/ou especialidades distintas á opción: 0.25 puntos por titulación.

Acreditarase mediante certificación académica ou fotocopia do título alegado, ou no seu caso, certificación do abono dos dereitos de expedición.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de expediente académico e titulacións é de 3 puntos.

C) Experiencia docente (máximo 5 puntos)

Aos efectos deste apartado non poderán acumularse as puntuacións cando os servizos se teñan prestado simultaneamente en máis dun centro docente.

C.I.F. P-1503100-H

Os servizos prestados en períodos inferiores ao ano, valoraranse de forma proporcional.

Os servizos prestados con xornada parcial, valoraranse de forma proporcional.

- Por cada ano de servizos en centros de titularidade pública, na mesma especialidade á que se opte: 0,50 puntos por ano.

- Por cada ano de servizos en outros centros, na especialidade á que se opte: 0,25 puntos por ano.

Os servizos prestados no estranxeiro se acreditarán mediante certificados expedidos polos Ministerios de Educación dos respectivos países, nos que deberán constar o tempo de prestación de servizos, o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán ou galego e coa apostilla da Haya.

Acreditarase mediante certificación de servizos prestados, ou mediante informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nómina, contrato, certificado empresa, etc).

Na documentación presentada deberá acreditarse a data de inicio e fin dos servizos prestados, e se se trata de xornada total ou xornada parcial (especificando neste caso o número de horas/semana)

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia docente é de 5 puntos.

No caso de producirse empate na puntuación final, a orde establecerase mediante a aplicación sucesiva dos seguintes criterios: maior experiencia docente, maior expediente académico. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría do Estado para a administración pública.

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. No seu caso, utilizaranse como criterios para dirimir os empates, por esta orde, a maior puntuación obtida no exercicio da fase de oposición, a maior puntuación no apartado experiencia do concurso, e a maior puntuación en cursos de lingua galega. No caso de persistir o empate na puntuación final, a orde establecerase por orde alfabética de apelidos e nome, dando comezo pola letra que resulte do sorteo anual polo que se determina a orde de actuación das/dos aspirantes en todas as probas selectivas que se celebren durante o ano no ámbito do Administración Xeral do Estado, e que se publica no Boletín Oficial do Estado.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo quen non compareza, salvo supostos de forza maior debidamente xustificadas, que serán apreciados libremente polo Tribunal.

Os anuncios de celebración dos exercicios faranse públicos no taboleiro de edictos da casa do concello e complementariamente na web municipal.

De cada unha das sesións que celebre o tribunal levantarase acta, na que se fará referencia aos membros asistentes, probas celebradas, puntuacións obtidas polos aspirantes e cantas incidencias considérense de interese.

As cualificacións faranse públicas mediante a súa exposición na páxina web municipal.

Sexta. - Formación da lista.

O tribunal elevará á Alcaldía a relación de aspirantes que superasen as probas, por orde de puntuación, engadindo a continuación aos aspirantes que superasen o exercicio, pola orde de puntuación obtido nese exercicio. Por decreto de Alcaldía aprobarase a lista de substitución de profesor/a do conservatorio profesional do Concello de Culleredo na especialidade de saxo, que se publicará na páxina web municipal.

Sétima. - Funcionamento da lista.

1. A constitución da lista non crea dereito algún a favor dos seus integrantes, salvo o do seu chamamento para a súa contratación, pola orde establecida. A lista será pública e estará ao dispor dos interesados/as para a súa consulta.

2. A duración das contratacións será polo tempo indispensable para cubrir a necesidade de que se trate.

3. O chamamento producirase por rigorosa orde de puntuación, de acordo co seguinte procedemento:

1. Chamada telefónica entre as 09.00 e as 14.00 horas.
2. Correo electrónico.
3. Chamada telefónica entre as 15.00 e as 18.00 horas.
4. Chamada telefónica entre a 09.00 e as 14.00 horas do seguinte día hábil.

3.1. A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos os datos correctos necesarios (número de teléfono e dirección de correo electrónico).

O aspirante deberá aceptar ou rexeitar a oferta de contratación antes do día hábil seguinte a partir da recepción da chamada ou correo electrónico, antes das 13.00 horas. Se non contesta, rexeita a oferta ou renuncia ao traballo despois de ser nomeado perderá a súa posición na lista, pasando ao último lugar. Se acepta a oferta, deberá achegar, no prazo máximo de tres días hábiles desde a aceptación, a seguinte documentación para poder formalizarse a mesma :

- Documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
 - Título ou acreditación do requisito de titulación.
 - Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos que no seu caso se tiveran esixido nas bases específicas.
 - Documentación acreditativa dos méritos alegados no proceso selectivo.
 - Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas. Os nacionais doutros estados deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
 - Declaración baixo a súa responsabilidade de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente sobre a mesma.
 - Certificado médico oficial no que se acredite a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias da categoría.
 - Certificación negativa do rexistro central de delincuentes sexuais.
- Se no prazo concedido non se presenta a documentación indicada, salvo caso de forza maior, non poderá efectuarse o nomeamento, procedendo a chamar á seguinte persoa da lista.
- Cando se produza o cesamento, por finalizar a necesidade que deu orixe a contratación, o aspirante manterá o lugar que ocupaba na lista, podendo ser nomeado posteriormente nunha ou máis ocasións.
- O/a aspirante que tras a súa contratación finalice a súa prestación de servizos por extinción da circunstancia que dou orixe ao mesmo, conservará a súa orde na lista.
- En caso de que o/a aspirante fose contratado/a non poderá ser obxecto de novo chamamento en tanto esté prestando os seus servizos no concello.

C.I.F. P-1503100-H

4. As persoas que rexeiten a oferta de contratación non perderán a súa posición na lista cando o motivo do rexeitamento sexa algunho dos seguintes e o aspirante o acredite debidamente no prazo máximo de tres días hábiles desde o chamamento:

- a) Baixa por maternidade ou paternidade.
- b) Baixa por enfermidade ou accidente.
- c) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- d) Estar a traballar en calquera organismo público ou empresa privada.
- e) Cumprimento dun deber inescusable de carácter público e temporal.
- f) Coidado de fillo menor de tres anos ou de familiar ata o segundo grao que non poida valerse por si e non desempeñe actividade retribuída.

5. Os aspirantes serán excluídos da lista nos seguintes casos:

- a) Non achegar a documentación requirida para efectuar a contratación.
- b) Non comparecer ao posto de traballo dentro do prazo establecido.

A exclusión dun integrante da bolsa deberá ser notificada por escrito.

6. A contratación efectuarase por decreto da Alcaldía que será notificado ao interesado, que deberá tomar posesión no prazo que se indique no decreto.

Oitava. - Protección de datos de carácter persoal.

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase de que todos os datos persoais facilitados a través da instancia e demais documentación achegada, serán almacenados no ficheiro de Xestión de Persoal titularidade do Concello de Culleredo, coa única finalidade de ser utilizados para tramitar o presente procedemento de selección.

Os aspirantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, en relación cos seus datos persoais, nos termos establecidos pola Axencia Española de Protección de Datos, dirixíndose ao Concello de Culleredo.

Novena. - Recursos e lexislación aplicable.

As presentes bases e cuantos actos derívense das mesmas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a

contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

No presente procedemento rexerá a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; o TREBEP; o Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, as disposicións estatais e autonómicas aplicables aos entes locais, e as restantes normas que resulten de aplicación.

ANEXO I - SOLICITUDE DE ADMISIÓN PROCESO SELECTIVO PROFESOR/A DE MÚSICA

ESPECIALIDADE :

DATOS PERSOAIS

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
DNI	Sexo Varón / Muller	Data de nacemento
Lugar de nacemento	Nacionalidade	

ENDEREZO – TELÉFONO

Enderezo	
Código postal	Localidade
Teléfono	e-mail

EXENCIÓN EXAME GALEGO

Solicita exención do exame de galego: SI / NON

ASPIRANTE CON CAPACIDADE DIMINUIDA

Solicita adaptación de tempo e medios: SI / NON

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA COA INSTANCIA (sínálese cun X no recadro correspondente)

- ☐ Fotocopia do documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
- ☐ Título ou acreditación do requisito de titulación.
- ☐ Orixinal ou fotocopia compulsada do documento xustificativo da exención do exame de galego.
- ☐ Relación dos méritos que se posúen, por cada un dos apartados de que consta o concurso.
- ☐ Orixinal ou fotocopia compulsada de documentación acreditativa dos méritos que se posúen.
- ☐ De ser o caso, certificado da condición de discapacidade e grao de minusvalía.
- ☐ Certificación negativa do rexistro central de delinquentes sexuais.

A persoa abaixo asinante solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

O solicitante autoriza ao uso dos datos consignados nesta instancia aos efectos previstos nas bases da convocatoria das probas selectivas.

Culleredo, de de

SR. ALCALDE CONCELLO DE CULLEREDO “

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 20 de decembro de 2021, do Instituto de Estudos do Territorio, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2022 (código de procedemento MT402B), tramitado como expediente anticipado de gasto. DOG núm. 12 do 19-01-2022.
- Resolución do 23 de decembro de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade -Secretaría Xeral da Igualdade- pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI461A). DOG núm. 12 do 19-01-2022.
- Orde do 20 de decembro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integrada na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT236A). DOG núm. 14 do 21-01-2022.
- Orde do 28 de decembro de 2021, de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR460A). DOG núm. 15 do 24-01-2022.
- Orde do 29 de decembro de 2021, de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D). DOG núm. 16 do 25-01-2022.
- Anuncio do 12 de xaneiro de 2022 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña-Servizo de Enerxía e Minas- relativo ao acordo de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación industrial, no concello de Culleredo . BOP núm. 11 do 18-01-2022.
- Anuncio do 4 de xaneiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ao extracto da resolución de Presidencia núm. 226 do 4 de xaneiro de 2022 mediante a que se modifica a Resolución de Presidencia núm. 49929 do 23 de decembro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixidas aos concellos, agrupacións de concellos,

21 de 31

mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística. BOP núm. 14 do 21-01-2022.

- Anuncio do 20 de xaneiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes- relativa a resolución do presidente da Deputación núm. 3474 do 20 de xaneiro de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras en réxime de concorrência non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2022. BOP núm. 14 do 21-01-2022.
- Anuncio do 20 de xaneiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes- relativa a resolución do presidente da Deputación núm. 3472 do 20 de xaneiro de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2022. BOP núm. 14 do 21-01-2022.
- Anuncio do 19 de xaneiro de 2022 do Concello de Culleredo -Economía, Facenda e Réxime Interior- relativo á información pública do "Plan de Movilidad Urbana Sostenible del Municipio de Culleredo". BOP núm. 15 do 24-01-2022.

2.2.- RESOLUCIÓN E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

C.I.F. P-1503100-H

“

- Resolución número CUL/RES/53/2022 de data do 05/01/2022 pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra “Mellora na estrada de Folgueira á Vinseira (VP-480)”.
- Resolución número CUL/RES/168/2022 de data do 18/01/2022 pola que se require á D. J. B. M. para que no prazo dun mes, contado dende o seguinte á recepción da presente notificación, proceda á retirada do vehículo abandonado no aparcadoiro paralelo á rúa Xelas Arias, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.
- Resolución número CUL/RES/169/2022 de data do 18/01/2022 pola que se require á D. A. D. L. para que no prazo dun mes, contado dende o seguinte á recepción da presente notificación, proceda á retirada do vehículo abandonado na rúa Roi Xordo, fronte ao número 3, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.
- Resolución número CUL/RES/185/2022 de data do 19/01/2022 pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra “Renovación do parque infantil de Peiro, Concello de Culleredo”.
- Resolución número CUL/RES/184/2022 de data do 19/01/2022 pola que se informa favorablemente a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca BMW 520D, matrícula 3150LFD de 5 prazas, número de identificación WBAJP31040BT84253, en substitución do vehículo 9129HHP, ao entender que cumpre todos os requisitos, para a licenza de taxi número 10.”

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 28 DE XANEIRO

Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:

Inauguración da exposición de pintura *Bota unha ollada*, de Chechela.

Ata o 11 de marzo.

VENRES 28 DE XANEIRO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Mago Rafa: *A nova maxialidade*.

Público familiar. Aplicaranse as medidas anti-covid vixentes.

Entrada gratuíta. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597.”

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
25/11/21	2198	Dar de baixa no Servizo Municipal de Axuda no fogar.	***7786**	
25/11/2021	2199	Dar de baixa no servizo municipal de Axuda no fogar por susperar o tempo máximo de tres meses e non acreditar causa algunha que xustifique a prórroga da suspensión.	***8916**	
25/11/2021	2200	Dar de baixa no servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria por haber adquirido a condición de dependente según a Ley 39/2006, de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Dar de baixa no servizo de	***6525**	

C.I.F. P-1503100-H

		Xantar na casa por ausentarse e superar o tempo máximo permitido.		
26/11/2021	2219	Conceder o Servizo de municipal de Teleasistencia Domiciliaria.	***9452**	
26/11/2021	2220	A extinción do servizo municipal de Xantar na casa por mor de seu falecemento.	***0296**	
26/11/2021	2220	A extinción do servizo municipal de Xantar na casa por mor de seu falecemento.	***0296**	
30/11/2021	2272	Dar de baixa no servizo municipal de Axuda no fogar por susperar o tempo máximo permitido e non acreditar causa algunha que xustifique a prórroga da suspensión.	***1535**	
01/12/21	2273	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Xantar na Casa formulado e declarar concluso o procedemento.	***5645** ***4651**	
01/12/21	2275	Conceder a o servizo municipal de axuda no fogar Conceder o Xantar na Casa e dar traslado desta resolución ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Considerando o informe médico no que constátase un diagnóstico de deterioro cognitivo, denegar o servizo de Teleasistencia domiciliaria.	***3976**	Cunha intensidade de 1 hora diaria de luns a venres (agás festivos). Para os 7 días da semana.
03/12/21	2289	Aceptar o desestimento da solicitude da AMPLIACIÓN	***7392**	

		do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluído o procedemento.		
03/12/21	2291	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de unha hora á semana (agás festivos). Denegar o Servizo de Teleasistencia domiciliaria por exceder a capacidade económica ata 2,5 veces o IPREM actualmente en vigor.	***4917**	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
25/11/2021	2172	Concesión dunha axuda económica.	****4429*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de abril (89€) e de maio a agosto de 2021 (260€/mes).	1.129,00 €
25/11/2021	2175	Concesión dunha axuda económica.	****0347*	Pago de recibos de auga, correspondentes ao 2º (71,62€) e 3º (69,61€) trimestre do 2021.	141,23€.
25/11/2021	2176	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	***6137**	Recibo de auga do 3º trimestre de 2021.	70,62 €
25/11/2021	2177	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	***3595**	Terceiro trimestre de auga do 2021	95,97 €
25/11/2021	2189	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	***3846**	Recibos de luz de data 20/09/2021 (5,46€) e 05/10/2021 (8,24€), o recibo de gas de data	99,01 €

C.I.F. P-1503100-H

				19/10/2021 (32,24€)	
				Recibo de auga do 3º trimestre de 2021 (53,07€)	
26/11/2021	2218	Concesión dunha axuda económica.	***6777**	Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2021. Pago de recibo de gas correspondente ás facturas FE21321349935079, FE21321354623164, FE21321358931126. Recibo de gas, por un importe de 51,46 € correspondente ao período do 31/07/2021 ao 08/10/2021. Recibo de contribución correspondente aos anos 2020 e 2021 Recibo de comunidade correspondente aos meses de xaneiro a agosto de 2021 (35€/mes).	178,52 € 339,49€ 51,46 € 278,62 € 280€
26/11/2021	2221	Concesión dunha axuda económica.	***4659**	Pago do recibo de auga correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2021 (117,80€ + 84,46€ + 75,64€). Pago de recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2021. Recibo de luz correspondente ao ano 2021. Recibo de gas correspondente ao ano	

C.I.F. P-1503100-H

				2021.	
26/11/2021	2223	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	***7137**	Recibo de gas de data 6/08/2021 (16,26€), 14/10/2021 (28,33€) e 14/10/2021(8,76€).	
26/11/2021	2224	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	***3061**	Pago do recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2021 (63,08€) Recibos de electricidade de data 19/08/2021(20,71€) e 20/09/2021 (26,63€).	
26/11/2021	2225	Concesión dunha axuda económica.	****5183*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro, marzo e abril de 2021 (300€/mes) e parte de maio de 2021 (229€).	1.129,00 €
26/11/2021	2226	DENEGAR as axudas para abono de aluguer xa que non ten residencia efectiva no concello de Culleredo nin queda acreditada a situación de necesidade.	****9561*		
26/11/2021	2227	DENEGAR as axudas para abono de aluguer por considerar que non queda acreditada a situación de necesidade.	****364**		
26/11/2021	2228	Concesión dunha axuda económica.	****7494*	Bono de alimentos tipo C e bono de hixiene tipo B, durante 6 meses.	
26/11/21	2290	DENEGAR as axudas para abono de aluguer porque a unidade familiar non cumpre cos requisitos precisos para poder ser beneficiaria segundo os artigos 5.1 e 5.2 do Regulamento de Acceso	****1078**		

C.I.F. P-1503100-H

		ás prestacións económicas municipais de emerxencia social (PEEIS).			
03/12/21	2292	DENEGAR as axudas para abono de aluguer, xa que os ingresos da unidade de convivencia superan o límite establecido no Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS).	***4615**		
12/12/2021	2297	Concesión dunha axuda económica.	****7826*	Pago do recibo de electricidade correspondente ao ano 2021. Pago do recibo de gas correspondente ao ano 2021. Recibo de auga, correspondente aos trimestres do ano 2021.	
12/12/2021	2298	Concesión dunha axuda económica.	****5863*	Pago de aluguer, correspondente a maio de 2021 (9€) e de xuño a setembro de 2021 (280€/mes).	1129€
12/12/2021	2299	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	***0850**	Pago do recibo correspondente ao recibo do 3º trimestre de auga (63,80€). Os recibos de luz de data 15/08/2021 (36,49€), 20/09/2021 (40,15€) 17/10/2021 (39,40€), 15/11/2021 (65,39€). Recibos de gas de data 12/06/2021 (50,51€) 18/08/2021	398,09€

C.I.F. P-1503100-H

				Pago de correspondente a recibos de auga do 1º trimestre de 2021 (79,86€), 2º trimestre de 2021 (64,71€) e 3º trimestre de 2021 (77,85€).	222,42€
12/12/2021	2313	DENEGAR as axudas para abono de vivenda, alimentación e farmacia xa que a persoa solicitante conta con recursos económicos propios cuxa cuantía fai que non quede acreditada a situación de necesidade.	***9913**		
12/12/2021	2314	Declarar o desestimento das axudas solicitadas para pago de recibos de subministración, por non achegar a documentación preceptiva.	***1350**		
12/12/2021	2315	DENEGAR as axudas para abono de aluguer por exceder a solicitante o límite de ingresos marcado no regulamento municipal.	***4728**		
12/12/2021	2316	Declarar o desestimento das axudas solicitadas para pago de aluguer por non achegar a documentación perceptiva.	****6367*		

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
25/11/2021	2173	Denegar a tarxeta de	***8120**	

		estacionamento por razón de discapacidade por NON ter concedido o Baremo de Mobilidade.		
25/11/2021	2174	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***3912**	10 anos
26/11/2021	2222	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***6320**	10 anos
29/11/2021	2242	Declarar o desestimento da solicitude da Tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade por non presentar a documentación preceptiva (fotocopia do Certificado do Grao de Discapacidade), e procédese ao arquivo do seu expediente.	***4160**	

C.I.F. P-1503100-H

”

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)